

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE MAIO DE 2010

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día doce de maio deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA LUISA MARÍA ZARZUELA GONZÁLEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPESO GARCÍA (que se incorpora á sesión no punto número 12/311 da orde do día), DON JOSÉ RÁBADE ARIAS, DON JOSÉ FERNANDO PIÑEIRO DÍAZ e DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO; e a membro da Xunta de Goberno Local que non ten a condición de concelleira, DONA MARÍA NOVO PENA (que se incorpora á sesión no punto 19/318 que se tratou fora da orde do día). Actúan como Secretarios o Concelleiro-Secretario en funcións da Xunta de Goberno Local, don José Rábade Arias, dende o comezo da sesión ata o punto número 11/310 da orde do día, e o Concelleiro-Secretario, Lino José González-Doposo García, dende o punto número 12/311 ata a finalización da sesión, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don Luis Regal Pavón, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ó día 5 de maio de 2010.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para demolición da fachada da edificación sita na rúa San Roque, número 50; para demolición das edificacións sitas na rúa San Lourenzo, números 19, 23 e 25; para demolición da edificación sita na ronda da Muralla, número 152; para reforma de escaleira en restaurante, na planta baixa do edificio coa licenza municipal número 893/86, sito na rúa Galicia, número 53; para acondicionamento de local para instalación dun comercio de venda de roupa, na rúa da Raíña, número 1, baixo e soto; para desvinculación de entresollado da planta baixa no edificio coa licenza municipal número 397/91, sito na rúa Ourense, números 21-23-25; para construción dunha vivenda unifamiliar de planta baixa e planta alta, para situar no rueiro 17-A, parcela 59, polígono 2,

Louzaneta - Areeiras e para construír unha vivenda unifamiliar illada, no núcleo rural tradicional do Burgo, número 26, parroquia de San Vicente do Burgo.

ÁREA DE RÉXIME INTERIOR E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

2. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios para levar a cabo por persoal adscrito a prevención de drogodependencias e a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA E EMPREGO

3. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase aprobar a reclamación á empresa, anterior concesionaria do contrato administrativo relativo á prestación do servizo de regulación de aparcadoiros na vía pública mediante expendedores de tickets (sistema ora), polo canon pendente de cobro dende o mes de abril de 2009 ata o mes de xullo de 2009 e a apertura de procedemento sancionador.

Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade para a contratación da subministración dunha furgoneta con destino ós servizos xerais (adscrición Servizo Taller de Augas) do Concello mediante operación de leasing e a apertura do procedemento de contratación.

Tamén se acorda a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e tramitación de urxencia. apertura do procedemento de adxudicación para a contratación de dez prazas para a atención de persoas maiores dependentes en réxime de atención diúrna (fondo estatal para o emprego e a sostibilidade local – 10 feesl04).

Así mesmo, acordase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación da prestación das actividades de animación sociocultural levadas a cabo pola Concellería de Xuventude e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a adxudicación provisional para a contratación dun servizo público de atención ó público, coordinación e desenvolvemento de actividades socioeducativas nos centros municipais da Casa das Linguas, sitas na Estrada da Granxa e Piringalla.

ÁREA DE ALCALDÍA

4. ASESORÍA XURÍDICA.- Acórdase estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial interposta polos danos causados no inmovible nº 43 da rúa Afonso X, O Sabio, como consecuencia da rotura dunha tubaxe de augas da rede xeral na rúa Afonso X, O Sabio.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación do Convenio de encomenda de xestión do Concello de Lugo e a Sociedade “Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo, S.A. (EVISLUSA)” para a xestión das subvencións para a mellora da accesibilidade e habitabilidade de vivendas de persoas dependentes-exercicio 2010.
- Acórdase a aprobación do Convenio de encomenda de xestión do Concello de Lugo á Sociedade “Empresa Municipal de Vivenda e Solo de Lugo” -EVISLUSA- para a xestión do programa de vivenda en alugamento-exercicio 2010.
- Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares e as condicións técnicas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado na contratación da subministración e instalación de diverso mobiliario para a posta en funcionamento do centro de convivencia e Casa das Linguas, sitos no Barrio da Piringalla, esquina rúa Angelo Colocci-rúa Lavandeira e da apertura do procedemento de contratación.
- Acórdase o inicio e posta en marcha de catro accións formativas dirixidas prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas.

Lugo, 13 de maio de 2010
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García